

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 13 DE ABRIL DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE FRANCISCO CONDE LÓPEZ

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dos treitos iniciais das estradas EP-2301 e EP-2302 a prol do Concello de Gondomar.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se toma razón da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da declaración do proxecto empresarial singular da Fábrica Norvento Enerxía Cero, por Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A, e da adxudicación directa das parcelas futuras B2-B3 do parque empresarial das Gándaras (Lugo).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para instrumentar unha subvención destinada ao desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 80% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe total de nove millóns trescentos trinta e cinco mil cento cincuenta e oito euros con vinte e dous céntimos, (9.335.158,22 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados no convenio de colaboración co Foro pola Economía Social Galega para a visibilización e o fomento da participación da economía social galega durante o ano 2023. Importe total: sesenta mil euros (60.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración de actuación conjunta entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos para o desenvolvemento do proxecto de sanidade Servizo de Microbioloxía 4.0, Saúde 4.0: microbioloxía cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do Programa operativo plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 no marco dun convenio de colaboración establecido co Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde, por un importe de sesenta e sete mil catrocentos dezaseis euros con oitenta e oito céntimos (67.416,88 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións preventivas de incendios forestais para o período de abril 2023-marzo 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de ejecución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre o proxecto de implantación dun sistema de rehabilitación física e cognitiva nos centros públicos residenciais destinados a persoas maiores baseado en realidade virtual e rehabilitación cognitiva, a través da gamificación no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE GONDOMAR DOS TREITOS INICIAIS DAS VÍAS PROVINCIAIS QUE UNEN A VILA COS NÚCLEOS DE PEITIEIROS E DE CHAÍN E MORGADÁNS

- Transfírese o treito inicial de 110 metros da EP-2301 Gondomar-Peitieiros e o treito inicial de 260 metros da EP-2302 Gondomar-Chaín-Morgadáns
- O Concello asume a titularidade destes treitos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Gondomar dos treitos iniciais das estradas provinciais que comunican a vila cos núcleos de Peitieiros e de Chaín e Morgadáns.

O Concello de Gondomar e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que se recollía a aceptación por parte da entidade municipal da transferencia da titularidade dos treitos iniciais da EP-2301 e da EP-2302.

En concreto, transfírese o treito inicial de 110 metros da EP-2301 Gondomar-Peitieiros e o treito inicial de 260 metros da EP-2302 Gondomar-Chaín-Morgadáns.

Esta transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Gondomar terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Nas seguintes imaxes amósanse os treitos obxecto da transferencia autorizada hoxe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

EP-2301 Gondomar-Peitieiros:



EP-2302 Gondomar-Chaín-Morgadáns:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 4,6 M€ A POTENCIAR A CALIDADE DAS PRAZAS DE ABASTOS

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación activa unha nova convocatoria para impulsar unha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización destas infraestruturas clave para o comercio local
- Os apoios para os concellos, que poden alcanzar os 221.000 euros, céntranse na mellora das instalacións, os servizos para a clientela, o equipamento comercial e a eficiencia enerxética
- No caso das asociacións e federacións de comerciantes, con axudas máximas de ata 11.200 € e 38.400 € respectivamente, incentívase a posta en marcha de accións de dinamización comercial e fidelización da clientela, entre outros
- Prevese apoiar máis dunha vintena de municipios, así como arredor de 18 asociacións e federacións de praceiros

A Xunta de Galicia destina 4,6 millóns de euros á posta en marcha dunha nova convocatoria das axudas para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización das prazas de abastos, en colaboración cos concellos e as asociacións e federacións de comerciantes. Prevese apoiar máis dunha vintena de municipios, así como arredor de 18 asociacións e federacións de praceiros.

A través deste programa da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, que se prevé publicar no Diario Oficial de Galicia ao longo do mes de abril, búscase potenciar estas infraestruturas, clave para o comercio local, atendendo as necesidades tanto dos comerciantes como das persoas consumidoras; aproveitar a situación estratégica dos mercados e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vinculánndoos ao contorno en que se integran, ao producto local e a valores como a sustentabilidade, a protección do ambiente e o trato personalizado. Do mesmo xeito, búscase mellorar a súa accesibilidade, acadar a súa modernización e dixitalización e incrementar os servizos que se prestan á clientela.

No caso dos concellos, os apoios céntranse na mellora das instalacións, dos servizos para a clientela, do equipamento comercial e da eficiencia enerxética. As axudas poden alcanzar os 221.000 euros para os mercados que non contan ainda co selo de Mercado Excelente, e de ata 181.000 euros no caso de mercados que xa contan con este distintivo. Os apoios chegan ata o 80 % do investimento subvencionable, dependendo do tipo de actuación que se vaia desenvolver.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as distintas actuacións subvencionables atópanse, segundo o tipo de beneficiario, desde accións de mentoring e formación para os praceiros á rehabilitación e reforma construtiva do estado do edificio, así como a rotulación de postos e a adquisición de equipamento persoal para os praceiros coa imaxe corporativa do mercado, a posta en marcha de aparcadoiros, plans de xestión de residuos ou a habilitación de postos para garantir o grao de diversificación da oferta. Tamén se apoiará a adquisición e instalación de equipamentos de frío industrial e de mostradores, vitrinas, taquillas e expositores refrixerados, ou sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes e portas de acceso de apertura e peche automáticos.

No caso das asociacións de prazas de abastos e mercados, con axudas máximas de ata 11.200 €, apoiarase o mantemento dos marketplaces, a dinamización comercial, actuacións de fidelización da clientela, como a loxística e-commerce ou as aplicacións móbiles con puntos de desconto ou similares, o equipamento persoal dos praceiros coa imaxe común e corporativa do mercado e o equipamento dos postos, e o funcionamento das unidades xerenciais. No que respecta ás federacións, poderán obter axudas de ata 38.400 euros, que se centrarán no mantemento dos marketplaces e nas accións de dinamización comercial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA PROXECTO EMPRESARIAL SINGULAR A FUTURA FÁBRICA DE NORVENTO NO POLÍGONO DAS GÁNDARAS

- O Consello tomou hoxe razón da declaración acordada por Xestur, que permite adxudicarlle de forma directa á empresa dúas parcelas situadas no parque lucense e concederelle tamén un dereito de adquisición preferente sobre unha terceira
- Na Lei de áreas empresariais de Galicia defínense como proxectos singulares aqueles de especial importancia económica para a Comunidade, ligados a sectores de interese para a zona na que se prevea ou con necesidades especiais de solo
- A planta proxectada en Lugo requirirá unha superficie total de 72.600 m² e dedicarase á fabricación de equipos para a xeración e o almacenamento de enerxía
- O investimento previsto na súa posta en marcha superará os 50 M€ e segundo as estimacións da firma creará máis de 840 empregos

A Xunta de Galicia declarou proxecto empresarial singular a iniciativa da empresa Norvento para instalar no polígono lucense das Gándaras unha nova fábrica vinculada ao sector das enerxías renovables. Grazas a esta decisión, permítese a adxudicación directa á promotora de dúas parcelas localizadas neste parque e a constitución dundereito de adquisición preferente sobre unha terceira.

Aínda que esta figura xa existía anteriormente, a Lei de áreas empresariais aprobada en 2022 define os proxectos empresariais singulares como aqueles nos que concorren unha ou varias das seguintes circunstancias: a especial importancia que a súa actividade ou localización supoñan para a economía ou o equilibrio territorial da Comunidade; a vinculación cun sector de relevancia ou interese para a área empresarial na que se prevé e a súa zona de influencia; ou as necesidades especiais de solo que teña a empresa debido ao tipo de actividade a desenvolver.

Nestes casos e de forma excepcional, a normativa habilita a adxudicar solo empresarial propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo e da empresa pública Xestur de forma directa e antes de convocar o correspondente concurso, así como a reservar futuras parcelas en ámbitos industriais que estean aínda en desenvolvemento.

Por iso e despois de que o Consello de Administración de Xestur acordara a finais do pasado marzo que a futura Fábrica Norvento Enerxía Cero reúne os requisitos para ser proxecto singular, o Consello tomou hoxe razón tanto da súa declaración como da adxudicación directa de dúas parcelas localizadas na fase VII do polígono das Gándaras.

En concreto, ambos terreos suman unha superficie de 39.006 metros cadrados e o prezo de venda da operación ascende a 2,14 millóns de euros, descontada xa a bonificación do 50% que aplica a Xunta no seus parques da provincia de Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a adxudicación directa destas dúas parcelas daralle á empresa a posibilidade de levar a cabo a execución das obras de edificación da súa planta de forma paralela e simultánea aos traballos de urbanización que acometerá a Xunta para ampliar o ámbito.

Así mesmo, a promotora ten a opción de adquirir unha terceira parcela, de 33.600 metros cadrados e localizada neste caso na fase VII-b, que, polo momento, aínda non pode ser adxudicada. Por esta razón, concédeselle á empresa un dereito de adquisición preferente sobre este solo, supeditado á súa aceptación ou non unha vez que se dean as condicións de venda necesarias e lle sexan notificadas por parte de Xestur.

Enerxías renovables

Norvento Enerxía SL xa está instalada nestes momentos no parque empresarial das Gándaras, onde dispón de catro parcelas que acollen a súa sede principal e un laboratorio de investigación.

A nova fábrica que proyecta implantar en Lugo dedicarase ao desenvolvemento de equipos para a xeración e o almacenamento de enerxía —aeroxeradores, palas, convertidores de potencia, solucionés contenerizadas para almacenar enerxía, etc— así como servizos de operación e mantemento de equipamentos.

A súa declaración como proxecto empresarial singular está xustificada pola importancia do investimento previsto, que supera os 50 millóns de euros, e tamén do número de empregos que a empresa estima que se crearán: algo máis de 840 postos de traballo dos cales ao redor de 270 serían directos, outros 400 indirectos e 165 inducidos.

A futura instalación contará cunha superficie cuberta de 17.600 metros cadrados mentres que o resto do espazo que prevé ocupar nas Gándaras —as 3 parcelas suman unha superficie total de 72.600 metros cadrados— estará destinado ao almacenamento dos seus propios produtos, unha vez terminados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO PARA IMPULSAR AS ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO POR 150.000 EUROS NOS VINDEIROS TRES ANOS

- Dáse estabilidade á colaboración para reforzar os traballos de investigación histórica na área das peregrinacións e da historia social do poder en Galicia desde a Idade Media
- A intención é contribuír á correcta identificación e contextualización do patrimonio cultural galego, o que permitirá promover a súa conservación e difusión

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para impulsar dúas liñas de investigación que desenvolve o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, cun importe total de 150.000 euros ata o 2025, a razón de 50.000 euros por ano.

Ao abeiro desta colaboración reforzarase o traballo sobre os estudos das relacións de poder en Galicia desde a Idade Media e sobre as peregrinacións, o patrimonio e as identidades na nosa Comunidade. En concreto, no que se refire á historia social do poder en Galicia, contribuirase a elaborar reconstrucións de carácter xenealóxico e do parentesco e estudos sobre distintas institucións, ademais da elaboración de repertorios documentais e de coleccións patrimoniais, que incluirán representacións heráldicas, monumentos funerarios ou arquitecturas señoriais. A intención é contribuír á correcta identificación e contextualización do patrimonio cultural galego, o que permitirá promover unha maior conservación e difusión deste.

No que se refire á liña de investigación sobre patrimonio e identidades en Galicia, ao abeiro desta colaboración ampliarase o coñecemento científico dos bens patrimoniais en ámbitos singulares polo seu valor cultural. Os traballos céntranse preferentemente na análise histórica das peregrinacións xacobeas e o Camiño de Santiago, así como a súa relación co territorio e patrimonio.

Esta colaboración enmárcase na folla de ruta do Goberno autonómico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia, neste caso, apoiando a actividade das institucións que levan a cabo estas investigacións, como o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, centro de investigación de carácter mixto de titularidade compartida entre o CSIC e a Xunta de Galicia, que se centra na análise do patrimonio e no seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia desde os séculos medievais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE ESTE ANO 9,3 M€ NAS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA PREVIR A VIOLENCIA DE XÉNERO, PROMOVER A IGUALDADE E A CONCILIACIÓN E FINANCIAR O LABOR DOS CIM

- O programa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está dirixido a concellos, consorcios ou mancomunidades, de xeito individual ou con xestión compartida
- A iniciativa inclúe tres liñas de financiamento: preto de 4,5 M€ para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade, 4,3 M€ para os centros de Información á Muller (CIM) e 500.000 € para programas de igualdade e de prevención e tratamiento da violencia de xénero
- As contías máximas dos apoios oscilan entre os 15.000 euros e os 225.000 euros, segundo a actuación e se a solicitude da entidade local é individual ou compartida

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade investirá este ano máis de 9,3 millóns de euros para apoiar as entidades locais galegas no desenvolvemento de programas para promover a igualdade entre as mulleres e os homes (500.000 euros), fomentar a conciliación e a corresponsabilidade (preto de 4,5 millóns) e para financiar o labor dos centros de Información á Muller- CIM (máis de 4,3 millóns). A iniciativa, dirixida a concellos, consorcios ou mancomunidades, forma parte do traballo que está a realizar a Xunta de Galicia para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das galegas e dos galegos, para previr e tratar a violencia de xénero e facer efectiva a igualdade de oportunidades.

O programa, ao que poden concorrer as entidades de xeito individual ou compartida, inclúe, polo tanto, tres liñas de financiamento. As accións dirixidas a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade no eido local finánciase este ano, como novidade, a través do plan Corresponsables. Deste xeito, investiranse preto de 4,5 millóns de euros para a posta en marcha de medidas orientadas a facilitar a conciliación e a corresponsabilidade das familias con fillas e fillos menores de ata 16 anos incluídos; terán prioridade as familias monoparentais, as vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, desempregadas de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou as unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

As axudas máximas a que optan as entidades locais son de 150.000 euros no caso de solicitude individual e de ata 225.000 euros se a xestión é compartida. Apoiaranse, dunha banda, as bolsas de coidado profesional a través de dúas modalidades: para a habilitación de servizos que poidan prestarse no domicilio por un número determinado

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de horas semanais, ou que poidan prestarse en dependencias públicas habilitadas para o efecto, tales como escolas, centros municipais, multiúso, polideportivos ou ludotecas, entre outros. Doutro lado, tamén se conceden axudas para a realización de plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias para promover a perspectiva de xénero e fomentar a corresponsabilidade no eido dos coidados.

Apoio aos CIM e á igualdade

A segunda liña de financiamento deste programa é a dirixida a apoiar o labor dos centros de Información á Muller (CIM) de Galicia, unha rede composta na actualidade por 84 oficinas que dan cobertura a 193 concellos e atenden unha media de 9.500 mulleres cada ano. Invítense 4,3 millóns de euros nesta actuación para financiar os gastos das e dos profesionais destes centros que desenvolven postos laborais de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. Cada entidade local poderá recibir como máximo 45.000 euros e ata 120.000 euros no caso de solicitudes conxuntas.

Estes apoios para financiar o funcionamento dos CIM, que son de titularidade municipal, súmanse ás axudas que se convocaron por primeira vez este ano destinadas tamén ás entidades locais, pero para a mellora e rehabilitación do equipamento destes centros. O Goberno galego con estas iniciativas quere poñer en valor os CIM como recurso esencial na atención integral e de proximidade ás mulleres e, nomeadamente, ás vítimas da violencia de xénero.

O programa que se aproba hoxe no Consello da Xunta de Galicia inclúe, por último, apoios para a posta en marcha de accións para a promoción da igualdade e de prevención e tratamiento da violencia de xénero, para o cal se dedican 500.000 euros. Neste caso, as entidades locais poden recibir como máximo 15.000 euros, no caso dunha solicitude individual, e de 28.000 euros, se é compartida entre varios concellos.

Os apoios dos tres programas formalízanse mediante a concesión de anticipos para facilitar ás entidades locais o desenvolvemento das súas accións. Outórgase así un adianto do 80 % da contía da axuda concedida, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución de concesión. No programa de apoio aos CIM, a contía do anticipo non poderá ser superior ao importe da axuda concedida no exercicio de 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E FOROESGAL CONTINUARÁN A COLABORAR PARA DIFUNDIR E PROXECTAR EN FOROS EUROPEOS E ESTATAIS A ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

- O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Foro da Economía Social Galega (Foroescgal), dotado con 60.000 euros
- Grazas a este marco reforzarase a presenza da economía social de Galicia fóra das fronteiras da Comunidade, elaboraranse informes de oportunidades e difundiranse os seus beneficios entre os principais axentes sociais
- A Xunta de Galicia presupostou neste 2023 máis de 42 millóns de euros para impulsar esta modalidade de negocio, que representa o 7 % do PIB galego

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Foro da Economía Social en Galicia (Foroescgal) que, cun importe de 60.000 euros, permitirá o impulso e a visibilización desta fórmula empresarial en Galicia. É o terceiro ano consecutivo en que este departamento formalizará esta colaboración coa finalidade de proxectar a economía social máis alá das fronteiras galegas e de dar a coñecer entre a sociedade as oportunidades que ofrece.

Neste marco, reforzarase a presenza da economía social de Galicia nos foros europeos e estatais. De forma específica, Foroescgal representará Galicia no seo da Confederación Empresarial Española da Economía Social (Cepes) e realizará funcións de interlocución e mediación ante as institucións europeas deste ámbito.

O Goberno galego quere, por outra banda, levar a cabo accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia. Da man de Foroescgal promoverá encontros, xornadas ou grupos de traballo para mellorar o coñecemento do sector en todos os ámbitos da economía e da sociedade galega.

A terceira das finalidades consiste na realización de informes de oportunidades e a conformación de grupos de traballo que faciliten o desenvolvemento de proxectos de economía social, no marco dos plans de recuperación e reactivación económica que se poñan en marcha.

A Xunta, con este conxunto de actuacións, quere fomentar, dar a coñecer e impulsar as entidades que integran a economía social para o cumplimento eficaz dos fins

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

económicos e sociais que lle son propios, co obxectivo de ampliar a súa presenza a todos os campos da acción social, económica e empresarial.

Con este propósito, así como para apoiar o potencial de Galicia cara a este tipo de fórmulas apegadas ao territorio, a Xunta de Galicia destinará en 2023 máis de 42 millóns de euros á economía social.

En Galicia están rexistradas neste momento máis de 7.000 entidades e empresas da economía social, onde se consolida como forza chave do mercado laboral, nel representa o 7 % do PIB.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA EN MÁIS DE 67.000 EUROS O INVESTIMENTO DESTINADO AO CONVENIO INNOVA MICROLAB ESTABLECIDO ENTRE SANIDADE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS

Con este incremento, a achega do Sergas a esta iniciativa ascende a 479.340 euros

O Consello da Xunta de Galicia aprobou, na súa reunión semanal, a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración de actuación conjunta entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e a Fundación Profesor Novoa Santos, para o desenvolvemento do proxecto Innova MicroLab. Deste xeito, o Goberno galego destina 67.416 euros máis a esta iniciativa, ata acadar un total de 479.340 euros da achega realizada pola Xunta.

A maior parte destes más de 67.000 euros irá destinada ás retribucións do persoal investigador, bioinformático e de xestión que participa no proxecto, ademais da adquisición de material funxible.

Dúas plataformas tecnolóxicas

O proxecto Innova Microlab enmárcase dentro do convenio asinado en decembro de 2020 entre o Sergas e o Ministerio de Ciencia e Innovación, na liña do fomento da innovación desde a demanda e a compra pública innovadora. Unha liña que promove o desenvolvemento de solucións de necesidades non cubertas polos servizos públicos, a través do mecanismo de compra pública de innovación. Con isto perséguese, por un lado, mellorar a capacidade diagnóstica dos servizos sanitarios e, por outro, mellorar a innovación e a competitividade empresarial. Tamén se pretende reforzar a comercialización da innovación, converténdonos no centro de referencia das solucións que se adopten, e, ademais, estimular o emprendemento e a innovación das pequenas e medianas empresas.

No mes de xuño do ano 2021 o Executivo galego aprobou este convenio, ao cal destina un investimento de 5,7 millóns de euros, cunha execución ata xuño de 2023, financiados nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do Programa operativo plurirrexional de España (POPE) 2014-2022. O resto do financiamento corre a cargo da Axencia Galega de Innovación (Gain), cun 10 %, e outro 10 % a cargo do Sergas.

O proxecto Innova MicroLab xorde da necesidade de encarar un grave problema de saúde existente a nivel mundial, como son as resistencias a antimicrobianos e evitar a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

posibilidade de que determinadas infeccións se convertan en incontrolables por este motivo. A través da compra pública innovadora preténdense desenvolver dúas plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde da cidadanía.

A primeira delas é unha plataforma microbiolóxica de diagnóstico ultrarrápido, capaz de diagnosticar calquera proceso infeccioso en poucas horas e con detección temperá de bacterias resistentes aos antibióticos. Deberá permitir obter resultados válidos para enfermidades como a meninxite/meningoencefalite, pneumonía e bacteriemia/sepsis, a partir de calquera mostra clínica biolóxica.

A segunda consiste tamén nunha plataforma automatizada que, neste caso, combinará técnicas como a secuenciación do microbioma humano con ferramentas informáticas de última xeración e Big Data. O obxectivo que persegue é o de estudar e analizar cambios no microbioma humano (principalmente microbiota intestinal) asociados á xénese e ao prognóstico de enfermidades. Deste xeito, poderase mellorar a personalización dos tratamentos e o desenvolvemento de novas terapias innovadoras, para a súa vinculación á resposta de pacientes oncolóxicos á inmunoterapia.

Para realizar con éxito os traballos de I+D+i previstos neste proxecto, canalízárónse a través da Fundación Profesor Novoa Santos, por ser este organismo o encargado da xestión da I+D+i na área sanitaria da Coruña, que é onde se desenvolve o proxecto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS O SISTEMA DE XESTIÓN DE BIOMASA NA CONTORNA DAS ALDEAS, CUN VISOR EN LIÑA E COA REVISIÓN DE FAIXAS SECUNDARIAS POLAS BRIGADAS MUNICIPALIS

- O principal obxectivo deste plan é evitar que se produzan incendios forestais ou que, no caso de que se rexistren, a súa propagación sexa a menor posible
- O plan preventivo estará en vigor ata marzo de 2024 e contará cun orzamento de case 38,8 millóns de euros e prevé actuar en cando menos unhas 60.000 hectáreas e nuns 5.600 km de vías, ademais de en case 4.840 puntos de auga, entre a creación de puntos novos e o mantemento dos existentes
- No que se refire ás queimas prescritas, deica marzo de 2024 está previsto executalas en máis de 2.100 hectáreas, triplicando as preto de 700 ha realizadas desde abril pasado

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, destacou hoxe o conxunto de medidas do novo Plan de prevención de incendios forestais que ten como obxecto "evitar que se produzan incendios forestais ou, no caso de que se rexistre algúin, que a súa propagación sexa a menor posible". Entre elas, salientou o reforzo da vixianza para garantir que as parcelas más próximas á vivenda estean limpas e rozadas. Para iso, apuntou á importancia de que 89 % dos concellos galegos están integrados ao sistema de xestión da biomasa; subliñou a "novidade" de contar cun visor público en liña para que calquera cidadán saiba que parcelas deben estar acondicionadas; e valorou a implicación das brigadas municipais na revisión das faixas preto das casas para que a xestión da biomasa sexa a correcta, xa que ata o de agora só se encargaban dos labores de roza e extinción.

Ademais destas accións no territorio, Conde puxo en valor actuacións dirixidas á concienciar a poboación que se recollen no Plan de prevención de incendios forestais — ao que hoxe o Consello da Xunta lle deu o visto e prace— como as máis de 300 charlas en centro educativos de Galicia ou accións de formación en 40 parroquias de alta actividade incendiaria do rural.

Conde precisou que o plan estará en vigor ata marzo do próximo ano 2024 (incluído) e prevé actuar en cando menos unhas 60.000 hectáreas de terreo e nuns 5.600 km de pistas forestais e outras vías, ademais de en case 4.840 puntos de auga, entre a creación de puntos novos e o mantemento dos existentes. No que se refire ás queimas prescritas, deica marzo de 2024 está previsto executalas en máis de 2.100 hectáreas. O plan contará cun orzamento de case 38,8 millóns de euros, máis dun 17 % de aumento con respecto ao de 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Conde explicou que coa incorporación de diversas novedades, búscase reforzar a revisión e xestión da biomasa nas franxas secundarias (as máis próximas ás vivendas), tendo en conta ademais que son xa 279 os municipios adheridos ao convenio de protección das aldeas entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a empresa pública Seaga, o que supón o 89 % do total.

Deste xeito, avanzou que están previstas xa 2.790 hectáreas de execucións subsidiarias no marco do acordo, cifra que podería aumentar coas actuacións en concellos piloto. Unha dasas novedades é un visor público (dispoñible a través de <http://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>) ao abeiro do convenio, que mostrará aos cidadáns, para a súa consulta e posterior limpeza, as parcelas dentro das faixas (en concreto, dos concellos con Plan municipal de prevención aprobado). Así mesmo, incorpórase a revisión para comprobar o nivel de xestión dos predios das franxas secundarias nos convenios de brigadas que mantén o Goberno galego cos concellos, que ata agora se centraban en labores de roza e de extinción.

Obxectivos xerais

O principal obxectivo deste plan preventivo é anticiparse aos incendios forestais ou que, no caso de que se rexistren, a súa propagación sexa a menor posible. Asemade, entre as súas finalidades están as de limitar a potencialidade dos grandes incendios forestais (GIF), elaborar a cartografía necesaria para planificar as actuacións preventivas con maior eficiencia ou deseñar unha rede de infraestruturas preventivas correctamente dimensionada, e mantela en bo estado de conservación. Trátase tamén de xestionar a biomasa forestal en zonas estratégicas mediante técnicas silvícolas axeitadas, e de fomentar actuacións silvopastorais e pasteiros, así como de desenvolver un plan de queimas prescritas, avaladas polos técnicos do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, co fin de reducir a biomasa en lugares estratégicos. Neste caso, prevese actuar en máis de 2.100 hectáreas, triplicando as preto de 700 ha realizadas desde abril pasado.

A concienciación da poboación sobre o risco que supoñen os incendios forestais e os seus impactos negativos é outra das finalidades do plan, que incidirá sobre todo na poboación rural e tamén na comunidade educativa. Así mesmo, trátase de regular o uso do lume polos cidadáns en función do risco esperado e de manter informados os habitantes do rural, así como de colaborar coas administracións e cos organismos implicados na prevención de incendios, coordinando as actuacións para lograr unha maior efectividade das medidas.

Este plan estrutúrase en dous grandes bloques. Por un lado, a programación de medidas e accións dirixidas á poboación e, por outro, as centradas no territorio. As primeiras teñen que ver, por exemplo, coa sensibilización da poboación escolar. Así, están

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

previstas un total de 304 charlas, 16 en cada distrito forestal, dirixidas a estudantes de diferentes niveis, que serán impartidas por axentes ambientais e técnicos. Nesta mesma liña, tamén se prevén accións de formación dirixidas á poboación rural -como 40 charlas en parroquias de alta actividade incendiaria-, así como campañas de difusión en medios de comunicación. Neste punto tamén se inclúe a tramitación do anteproxecto da Lei integral contra os incendios forestais ou o desenvolvemento do Centro Integral para a Loita contra o Lume de Toén (Ourense), que ten xa en funcionamento as pistas de adestramento para vehículos todo terreo e motobombas.

Accións no territorio

O segundo gran bloque deste plan preventivo céntrase nas medidas e accións dirixidas ao territorio. Neste amplio abano intégranse por exemplo as relativas á vixilancia do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa, tanto nas faixas primarias (de estradas e vías férreas) como nas secundarias (as máis próximas ás vivendas) e nas terciarias (de camiños, pistas e devasas en terreo forestal, fundamentalmente).

En relación coas faixas máis próximas ás casas, o plan integra, entre outras accións, as vinculadas ao convenio de colaboración subscrito coa Fegamp e Seaga para a protección das aldeas. Así, pone en valor o feito de que xa estean adheridos ao acordo o 89 % dos municipios galegos (279 en total), así como de que xa estean elaborados 273 plans municipais de prevención (representan case o 98 % dos concellos adheridos) e 216 plans aprobados (máis do 79 % dos elaborados).

No marco do avance na elaboración destes plans, este ano -como novedade- pone á disposición un visor de faixas secundarias de xestión de biomasa, accesible para toda a ciudadanía. En concreto, aparecerán delimitadas as faixas secundarias daqueles concellos que teñan o Plan de prevención aprobado, de xeito que calquera persoa poderá visualizar as parcelas incluídas nestas franxas, con indicación da parroquia, referencia catastral, superficie total e superficie afectada pola faixa, co fin último de garantir a prioritaria xestión da biomasa nas contornas das vivendas, de cara á anticipación aos incendios forestais.

No plan recóllense datos relativos á xestión da biomasa, tanto en parroquias priorizadas como non priorizadas dentro deste convenio, así como as execucións subsidiarias previstas ou os labores en vías de titularidade municipal. No caso das execucións subsidiarias, cada concello dos 279 adheridos poderá solicitar ata 10 hectáreas de actuación, ata un total de 2.790 ha; pero os designados como concellos piloto (de momento, As Nogais, Monterrei, Cualedro, Lobios, Carnota, Gondomar e A Gudiña) non terán límite, polo que se prevé que esta cifra aumente. A maiores, recóllense as iniciativas veciñais realizadas e as actuacións mecanizadas previstas (mediante o uso de ata 35 tractores e de maquinaria multifunción).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Canto á planificación dos labores preventivos, recóllese os que está previsto realizar con medios propios (incluídas as queimas prescritas), os contratados, os desenvolvidos mediante subvencións e os enmarcados en convenios coas entidades locais. Estes últimos refírense ás motobombas, ás rozas ou á constitución de brigadas, neste último caso, con novedades, xa que incorporan para a súa subvención a inspección do estado de xestión de biomasa das parcelas incluídas na rede de faixas secundarias, máis aló da extinción e da prevención mediante roza.

A estos acordos cómpre engadir os convenios entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e as deputacións provinciais para o desenvolvemento dos grupos de emergencia supramunicipais (GES), que tamén desenvolven, entre outros, traballos preventivos; ou o convenio coa Deputación Provincial de Ourense e 13 concellos da provincia para a dotación de tractores e rozadoiras. Con respecto aos puntos de auga, prevese actuar en case 4.840, entre o mantemento dos existentes e a creación de puntos novos.

Este plan preventivo integrarase no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais (Pladiga) 2023 que, como é habitual, se aprobará antes do inicio da tempada de alto risco de lumes, que se iniciará o 1 de xullo.

Aposta pola prevención

A implicación da Administración autonómica nas actuacións preventivas incrementouse notablemente nos últimos anos. No ano 2020 o orzamento roldaba os 30,5 millóns de euros, que pasan aos case 39 millóns da actualidade, dende entón propónense actuacións que cada ano superan os 5.000 km de pistas e que en hectáreas se achegan na actualidade a 60.000 (partíase en 2020 de preto de 46.000).

Un punto destacado neste senso é a importantísima evolución do convenio de colaboración coa Fegamp e Seaga, principalmente desde o ano 2021. Así, entre 2021 e 2022, inspecionáronse un total de 84.914,57 hectáreas de 1.243.069 parcelas incluídas na rede de faixas secundarias de xestión da biomasa. No relativo á superficie xestionada, ben polos propietarios ou ben de xeito subsidiario, pasou de representar a metade do total en 2019 a superar o 70 % en 2022.

Ademais, os propietarios das parcelas non xestionadas están sendo obxecto da correspondente notificación, advertíndolles da repercusión do custo e da imposición de sanción en caso de incumprimento. Estamos a falar, desde o ano 2021, de 250.303 notificacións xeradas e de 208.635 referencias catastrais para publicar en diarios oficiais.

Con base no convenio e como reforzo das actuacións preventivas propias deste plan, proseguiuse coa cesión de maquinaria para empregar con este fin. Deste xeito, durante

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os anos 2021 e 2022 foron beneficiados directamente 55 concellos. Ademais, cedéronse tractores para uso do persoal propio dos distritos forestais, que actuaron en concellos adheridos da súa demarcación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 31.000 PERSOAS, 7.000 AUTÓNOMOS E 1.700 EMPRESAS BENEFICIÁRONSE DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN EXECUTADOS POLA XUNTA

Máis de 31.000 persoas, 7.000 autónomos, 1.700 empresas e 200 entidades locais beneficiáronse dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) executados polo Goberno galego. Así se desprende do informe presentado hoxe ao Consello da Xunta de Galicia polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Segundo o documento, na actualidade, os recursos do Mecanismo de recuperación e resiliencia asignados polo Goberno central á Administración galega para o desenvolvemento de políticas públicas ascenden a 1.283 millóns de euros, o 6 % do distribuído entre as comunidades autónomas. Desa cantidade, o Goberno galego ten ingresados 1.138 M€, dos que o 40 % se recibiron nos últimos seis meses.

Logo de pechar 2022 coa mobilización da práctica totalidade dos recursos do MRR presupostados e con preto dun 70 % do gasto autorizado en convocatorias e licitacións publicadas, o informe precisa que este ano 2023 conta cun orzamento inicial de 527 millóns de fondos do Mecanismo de recuperación, dos cales a metade xa están adxudicados no primeiro trimestre.

A maior parte do gasto autorizado concéntrase nas componentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia relacionadas coa mobilidade sostible, as novas políticas públicas para o mercado de traballo, as enerxías renovables, a renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, as competencias dixitais, a modernización e dixitalización do sistema educativo, así como a economía dos coidados e o reforzo da inclusión social.

Polo que respecta ao eido local, ata o momento, as liñas de actuación superan os 180 millóns para beneficiar as corporacións locais en materias como a sustentabilidade turística, a rehabilitación no ámbito do barrio, as actuacións sociais ou o tratamento de residuos.

Pola súa banda, en canto aos PERTE, o Goberno central anunciou convocatorias por importe de máis de 40.900 M€, pero no día de hoxe só mobilizou 13.273, dos que resolveu o 51 %. Deste importe, un 5,3 % corresponde a proxectos en territorio galego, onde se inclúen actuacións que xestiona a Xunta de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SERÁ PIONEIRA AO IMPLANTAR UN SISTEMA DE REHABILITACIÓN A TRAVÉS DA REALIDADE VIRTUAL NAS RESIDENCIAS DE MAIORES PÚBLICAS AUTONÓMICAS

- O vicepresidente primeiro resalta que o obxectivo é “mellorar a atención aos usuarios” e “detectar e previr situacíons de deterioro físico e cognitivo”
- Avanza que vaise estender desde este verán a unha trintena de centros públicos
- O Goberno galego destinará 500.000 euros a dotar aos centros residenciais deste novo programa para que os usuarios realicen exercicios de estimulación física e cognitiva a través de xogos
- Esta iniciativa enmárcase dentro do novo modelo de coidados que está a desenvolver a administración autonómica

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, anunciou hoxe que a Xunta vai implantar nas residencias de maiores públicas autonómicas un novo sistema de rehabilitación e fisioterapia por realidade virtual que permite que os maiores fagan terapias a través desta tecnoloxía. “Será o primeiro programa público integral para utilizar a realidade virtual en residencias”, indicou Conde, quen precisou que grazas a este sistema vaise “mellorar a atención aos usuarios” e contribuirase “a detectar, previr e actuar ante situacíons de deterioro físico e cognitivo”.

Trátase dunha ferramenta que xa se probou de maneira experimental no centro Torrente Ballester (A Coruña), na residencia de Caranza (Ferrol) e no CRAPD de Vigo, e que favorece a recuperación dos maiores ao tempo que se divirten e fan exercicio físico. A Xunta, tal e como avanzou Conde, vai estender este sistema “a case unha trintena de centros públicos autonómicos”.

Tal e como se indica no informe que hoxe coñeceu o Consello, o Goberno galego vai adquirir todo o material necesario (televisores, ordenadores e sensores) para traballar cos usuarios aspectos de mobilidade e terapia ocupacional. E ademais, para a estimulación cognitiva vanse mercar preto dun centenar de tabletas electrónicas coas cales os usuarios realizarán probas de estimulación por medio de diversos xogos, como crebacabezas e outros pasatempos.

O Goberno galego destinará arredor de 500.000 euros en dotar as residencias destes instrumentos, que acaban de saír a licitación. Unha vez que se complete a contratación destes dous lotes, a previsión é que estean implantados nas residencias este verán.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Novo modelo de coidados

Esta medida inclúese dentro do novo modelo de coidados que está a implantar a Xunta nos seus centros. Tal e como resaltou Conde, este modelo caracterízase por catro piares fundamentais: "Aproveitamento das vantaxes tecnolóxicas, o fomento da coordinación sociosanitaria, a creación de espazos más acolledores e por impulsar a humanización da atención". A incorporación dun sistema de rehabilitación física e cognitiva por realidade virtual inclúese dentro do primeiro punto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

